**PRIMEIRO**.-Delegar dende o 2/1/2024 na concelleira Dª Rocío Rabuñal Bouzas a área de goberno municipal .III.Urbanismo, Infraestruturas e mobilidade, Obras e Servizos, Medio Ambiente e Medio Rural Tal delegación comprende a facultade de dirixir os servizos correspondentes e xestionalos en xeral, mais con reserva para esta Alcaldía das atribucións indelegables en relación a aquelas, da representación institucional neses ámbitos, da sinatura de escrituras públicas e convenios, e da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros/as.

**SEGUNDO**.-As atribucións delegadas deberanse exercer nos termos e dentro dos límites desta delegación, non sendo susceptibles de ser delegadas polos seus titulares noutro órgano ou concelleiro/a.

**TERCEIRO.-** De conformidade co disposto polo artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, estas delegacións terán efecto desde o día seguinte á data de notificación deste Decreto e serán de carácter indefinido, sen prexuízo da potestade de avocación desta Alcaldía. En caso de ausencia, vacante, enfermidade ou calquera outro impedimento esta Alcaldía asumirá, directa e automaticamente, as competencias delegadas, como titular da competencia orixinaria, entendéndose a estes efectos exercitada a potestade de avocación en base á presente resolución, sen necesidade dunha nova resolución expresa neste sentido. Notificar persoalmente a presente resolución a designada (que se considerará aceptada tácitamente, agás manifestación expresa no termo de tres días hábiles dende a recepción de tal notificación), remitir anuncio correspondente a esta resolución ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación nel, e publicalo tamén no taboleiro de edictos do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dente o 2/1 /2024 .

**CUARTO.-** Dar conta deste decreto ó Pleno municipal na próxima sesión que se celebre .

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe


Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: tvR8X4mauIDPdQNBh2oi
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O Alcalde
Asdo.- FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE

Dou fe, a Secretaria accidental
Asdo.- SONIA CAMPOS ARES

6/2024 (Delegación área modificada III) 2024/G006/000003)

**DECRETO DA ALCALDÍA**

**ASUNTO: Organización/ Xestión de integrantes mandato 2023-2027**

**EXPEDIENTE:** 2023/G005/000001

**EXPEDIENTE DECRETO:** 2024/G003/000008

Vista o contido dos decretos 366/2023 de 30 de xuño de de 2023 en relación a delegación nos concelleiros/as de áreas de goberno municipal en relación có decreto 640/2023 de 28 de decembro de 2023 con nomeamento de nova concelleira delgada para área de Urbanismo, infraestrutras mobilidade , obras e servizos, medio ambiente e medio rural a proposta asinada dixitalmente

En uso das facultades outorgadas legalmente en aplicación do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local considerando necesario para acadar unha maior eficacia e eficiencia no funcionamento desta administración á vista da carga de traballo existente en materia de obras servizos, medio ambiente e medio rural , un cambio na área referenciada para delegar únicamente Area de Obras , Servizos Meido Ambiente e Medio Rural sen delegación en materia de urbanismo, infraestruturas e mobilidade en uso das facultades outorgadas legalmente en aplicación do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de Bases do Réxime local polo presente **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Delegar na concelleira Rocío Rabuñal Bouzas a Area III có contido de Obras , Servizos ,


Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: tvR8X4mauIDPdQNBh2oi
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Medio Ambiente e Medio rural quedando modificada dita área tal e como se decreta , e modificando o decreto 366/2023 e 640/2023 na denominación da área tal como se indica , recuperando Alcaldía deixando sen efecto anterior delegación en urbanismo, infraestructuras e mobilidade. Tal delegación comprende a facultade de dirixir os servizos correspondentes e xestionalos en xeral, mais con reserva para o Alcadle de atribución indelegables , da representación institucional neses ámbitos, da sinatura de escrituras públicas e convenios, e da facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros/as. As atribucións delegadas deberanse exercer nos termos e dentro dos límitesdestsa delegación on sendo susceptibles de ser delegadas polos seus titulares noutro órgano ou concelleiro/a.

**SEGUNDO.-** De conformidade co disposto polo artigo 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, esta modificación da delegación terá efecto dende o día seguinte á data de notificación deste Decreto e será de carácter indefinido durante o mandato , sen prexuízo da potestade de avocación desta Alcaldía. En caso de ausencia, vacante, enfermidade ou calquera outro impedimento esta Alcaldía asumirá, directa e automaticamente, as competencias delegadas, como titular da competencia orixinaria, entendéndose a estes efectos exercitada a potestade de avocación en base á presente resolución, sen necesidade dunha nova resolución expresa neste sentido. Notificar persoalmente a presente resolución a designada (que se considerará aceptada tácitamente, agás manifestación expresa no termo de tres días hábiles dende a recepción de tal notificación), remitir anuncio correspondente a esta resolución ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación nel, e publicalo tamén no taboleiro de edictos do Concello.

**TERCEIRO.-** Dar conta o Pleno na primeira sesión que celebre .

Concello de Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

O Alcalde
Asdo.- FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE

Dou fe, a Secretaria
Asdo.- REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: tvR8X4mauIDPdQNBh2oi
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

6. **DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS**

Sinala a Secretaria que se da conta dos decretos ditados dende a data 27 de novembro de 2023, número 587, ata o 19 de xaneiro de 2024, decreto 10/2024.

Manifesta o Sr. Fernández Mouriño que hai unha moción que o seu grupo presentou o día 23 de xaneiro por rexistro municipal.

Intervén a Sra. Secretaria para sinalar que non lle consta a mencionada moción. Pregunta a Sra. Secretaria ao Sr. Mouriño se pode expoñer a urxencia de dita moción e resposta o Sr. Fernández Mouriño que sí pode.

Reitera o Sr. Mouriño que a moción foi presentada o día 23 de xaneiro , con número de rexistro de entrada 145/2024 e está relacionada con temas de sanidade. Pero, segue sinalando o Sr. Fernández Mouriño, se os grupos políticos non tiveron oportunidade de vela propón o Sr Mouriño que a retiran do pleno no que están pero, solicita, o Sr. Mouriño que no próximo pleno se meta dita moción.

Desculpase o Sr. Alcalde por este despiste.

Indica o Sr. Fernández que non pasa nada, que son cousas que pasan na Administración pero gustaríalle dicir ao Sr. Mouriño que igual que o seu grupo non ten problema en retirala, en outras ocasións que suceda, aínda que sexa na entrada ao Pleno, se lles comunique a urxencia dunha moción para ter algo de base sobre a mesa para cando se debata. Reitera a petición de que a moción vaia na orde do día do próximo pleno

7. **ROGOS E PREGUNTAS.**

Intervén a Sra. Blanco  concelleira do grupo municipal do Psoe  para comentar que aínda que non estaba previsto , primeiro fará un rogo e a continuación preguntará.

Sinala a Sra Blanco que logo do ocorrido na mañá de hoxe no pleno do Concello de Oleiros, onde o Sr. García Seoane, alcalde do Concello de Oleiros, insultou gravemente ao voceiro do grupo socialista solicita, a Sra. Blanco que a corporación do Concello de Carral a condena absoluta a ese comportamento, indica a Sra. Blanco que ela reclamou dende que pertence a esta corporación o respecto entre todos os concelleiros/as en calquera lugar. Indica a Sra. Patricia que o respecto entre a corporación é o respecto á veciñanza, reitera a Sra. Patricia a súa condena ao comportamento do Sr. García Seoane co voceiro do grupo socialista do concello de Oleiros.

CVD: tvR8X4mauIDPdQNBh2oi
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Continua a Sra. Patricia dicindo que xa no pleno anterior se falou dos eólicos e que Naturgy presentou a documentación para licenza para instalacións destes muiños eólicos e pregunta a Sra. Blanco como está esta tramitación.

Indica a Sra. Blanco que no pleno anterior, o Sr. Alcalde, contou que o PXOM sairía a exposición pública no ano 2024 e pregunta a Sra. Blanco se hai algunha previsión de cando pode saír a exposición o PXOM.

Manifesta a Sra. Blanco que como terceira pregunta, visto que a ampliación do Polígono dos Capelos está parada á espera de que o SEPES subsane a avaliación de impacto ambiental, quere saber o grupo municipal do PSdG-PSOE se dende o equipo de goberno se actuou dalgunha maneira, se se fixo algún requirimento, petición, etc para interesarse por este proceso.

Continua dicindo a concelleira do grupo municipal do PsdG-PSOE que outra das preguntas, que a presentou tamén por rexistro, de novo, é o inventario de edificios en estado ruinoso. Descoñece a concelleira . Patricia Blanco se hai ese inventario feito ou se o técnico municipal recibiu a orde de facelo.

Indica a Sra. Blanco que están a espera da construción da nova depuradora e pregunta si se están buscando os fondos, se hai algunha xestión feita nese senso.

Comenta a Sra. Blanco que no pobo se está dicindo que está previsto dotar o campo de fútbol dos Capelos de gradas, e que se instalarán do lado de onde están os vestiarios, e os usuarios do campo din que non é a mellor ubicación para as gradas xa que estarían mais protexidos no lado do talude, indica a Sra. Blanco que se debería de consensuar cos usuarios e facer ben a obra, aínda que sexa mais cara e que se teña que esperar un pouco mais.

Por último, pregunta a Sra. Blanco, se o voceiro do Partido Popular e a concelleira de Servizos Sociais acordaron data para acudir á Xunta de Galicia a esixir que se trate a Carral como se merece.

Intervén o Sr. Alcalde para respostar á Sra. Blanco que se quere unha copia do expediente de Naturgy que se lle pode facer, con respecto á ampliación do Polígono, indica o Sr. Alcalde, non se sabe mais que é algo que leva o SEPES, e que xa se lle insistiu ao goberno, o Sr. Alcalde día que el mesmo chamou dúas veces, pero a

CVD: tvR8X4mauIDPdQNBh2oi
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

resposta foi que había que esperar. Indica o Sr. Alcalde que se presentará unha comunicación por escrito.

En canto ao inventario de edificios en estado ruinoso, indica o Sr. Alcalde que o técnico está traballando en iso en canto teña todo rematado comunicaráselle á Sra. Blanco.

No referido ás gradas no campo de fútbol dos Capelos, manifesta o Sr. Alcalde que é algo que teñen na mente pero non hai nada en firme por agora. Insiste a Sra. Blanco en que se se fai algo que se consensúe cos usuarios do Campos de fútbol.

En canto a acudir á Xunta de Galicia, indica o Sr. Alcalde, que se terán que poñer dacordo o Sr. Mouriño e a Sra. Concelleira de Servizos Sociais.

Intervén a Sra. Concelleira de Servizos Sociais para indicar que ao saír do Pleno ela tiña pensado falar con el dese tema.

En canto ao PXOM estase vendo todos os días co arquitecto municipal, hai algunha cousa que modificar e volver a expoñelo no Pleno e notificar a todos os interesados, unhas 800 notificacións. Intervén a Sra. Blanco para preguntar se non estaba xa todo revisado. Aclara o Sr. Alcalde que sí, xa está todo revisado pero hai que notificalo e volver a expoñelo. Manifesta a Sra. Blanco que se leva moito retraso no PXOM.

Con respecto, a depuradora, indica o Sr. Alcalde que tiveron a grande sorte de ir á Xunta de Galicia e pouco lles faltou para que lles pegaran, pero saíron vivos, ironiza o Sr. Alcalde.

Dalle a palabra o Sr. Alcalde ao Sr. Fernández Mouriño voceiro do grupo municipal do PP que expón :que despois de escoitar o que se di neste pleno e o que se dixo no pleno pasado, non sabe, o Sr. Mouriño, se realmente dende o ano 1991 que, o Sr. Fernández, está sentado como concelleiro do concello de Carral, non entende o que está pasando, non entende como unha persoa do grupo municipal do PSOE lle dí ao Sr. Mouriño que ten que ir con non sabe quen, ironiza o Sr. Mouriño, á Xunta. E, indica o Sr. Mouriño, outra concelleira do grupo de goberno contesta que “bueno, cando saiamos tal...”, cando o Sr. Mouriño dixo hai uns días que falaron do tema dun pleno.

CVD: tvR8X4mauIDPdQNBh2oi
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Continua dicindo o Sr. Mouriño que no pleno fálase de cousas serias e dende abril do ano 2019, estaban as alegacións resoltas do PXOM e por circunstancias de eleccións non se publicaron ou non se comunicaron. Estamos en xaneiro de 2024, indica o Sr. Mouriño, e o Sr. Alcalde manifesta que está de 9 da mañá a 14 horas co técnico municipal, corrixe o Sr. Alcalde dicindo que está de 13 a 15 horas co técnico municipal, e, continua o Sr. Mouriño que o Sr. Alcalde non ten que estar con eses temas xa que hai unha empresa á cal se lle está pagando, que é Estudio Técnico Gallego, que é o que ten que redactar o proxecto.

Pregunta o Sr. Mouriño que é o que está mirando o Sr. Alcalde. Continua o Sr. Mouriño dicindo ao Sr. Alcalde que de 9 a 13 horas está mirando catastro e cosas varias e de 13 a 15 horas dille ao técnico municipal que é o que ten que facer para despois dicirllo ao Estudio Técnico Gallego.

Continua dicindo o Sr. Mouriño que o tema da depuradora é moi importante, xa que se está contaminando o río da Brexa, e agora, dí o Sr. Mouriño, o Sr. Alcalde é o Sr. Gestal. Ironiza o Sr. Mouriño dicindo que o Sr. Alcalde non pode dicir que foron tres persoas á Xunta e que case lles pegaron, que os votaron, que so lles dan un 30%  e que foron á Deputación e tamén lles dixeron que so lles daban un 30 % e que non lles fan caso.

Manifesta o Sr. Mouriño que o Sr. Alcalde debería facerse ver, que lle da pena cun Alcalde faga iso.

Indica o Sr. Mouriño que lle pareceu moi raro que non estivera cos outros sete alcaldes no tema da Basura, sinala o Sr. Mouriño que ata o chamou a el o Presidente do Consorcio para preguntarlle polo Alcalde de Carral.

Indica o Sr. Mouriño que ao Sr. Alcalde o votaron 1800 e pico veciños do Concello de Carral e debe exercer como Alcalde, non pode, un Alcalde, facer os comentarios que lle fixo á voceira do PSdG-PSOE, ironiza o Sr. Mouriño (e que fomos tres e case nos votan da Xunta).

Continua o Sr. Mouriño dicindo que se ofreceu dende o primeiro día estar disposición do Sr. Alcalde para conseguir que Carral tivera as melloras cousas, nunca recibiu ningunha chamada por parte do Sr. Alcalde, incluso, dí o Sr Mouriño preseouno ao Sr. Alcalde, xa que o Sr. Alcalde incumpriu a súa palabra, cando o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: tvR8X4mauIDPdQNBh2oi
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

equipo de goberno estaba en minoría, na lexislatura pasada, aprobouse entre o grupo socialista, o grupo popular e o grupo mixto, aprobaron que o Sr. Alcalde debería acompañarse dos demais grupos para ir a ver aos responsables de EMALCSA e o Sr. Alcalde incumpriuno.

Continua dicindo o Sr. Mouriño que no pleno pasado, o Sr. Alcalde dixo que no próximo pleno respostaría a unha serie de preguntas que se lle fixeron dende o grupo popular. Pregunta o Sr. Mouriño se o Sr. Alcalde ten preparadas as respostas a esas preguntas.

Indica o Sr. Alcalde que non as ten preparadas.

Sinala o Sr. Fernández que o Sr. Alcalde non debe tomar de broma ao pobo de Carral, o pobo de Carral sabe, indica o Sr. Mouriño que lindamos co pobo de Cerceda, que Cerceda tiña unha central térmica e os concellos que están ao redor de Cerceda teñen unha serie de privilexios, e unha serie de axudas, dende o Concello de Carral, indica o Sr. Fernández, presentaron unha serie de proxectos e devolvéronos todos. Pide por favor, o Sr. Mouriño ao Sr. Alcalde que lles diga algo positivo, en algún pleno, algún día.

Manifesta o Sr. Mouriño que o pleno era ao día seguinte, o xoves, pero o grupo popular non armou ningún Cristo porque o pleno se cambiou para o mércores, incluso o contido que está neste Pleno, indica o Sr. Mouriño, podería ir no pleno que se fixo o 17 de xaneiro, xa que a voceira do grupo municipal do PSOE está moi preocupada polos erarios públicos do Concello, polos 100 € que cobra ela e os que cobramos os demais concelleiros/as, continua incidindo o Sr. Mouriño en que se puido haber feito o pleno o día 17 xa que este pleno non ten ningún contido, mais que a toma de coñecemento de atribucións dunha concelleira.

Pregunta o Sr. Mouriño ao Sr. Alcalde se se lembra que no ano 2019 sacou unha foto a corporación, o Sr. Mouriño felicitou ao Sr. Alcalde igual que no ano 2023, que tamén o felicitou, e díxolle ao Sr. Alcalde que estaba á súa enteira disposición, o Sr. Alcalde, insiste o Sr. Mouriño, non o chamou nunca.

Ironiza o Sr. Mouriño dicindo que o Sr. Alcalde o chamou un día dicíndolle “teño que arranxar isto porque levo 15 días sen cobrar”. E so foi todo dende o ano 2019, indica o Sr. Mouriño.

CVD: tvR8X4mauIDPdQNBh2oi
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

E, no pleno anterior, en novembro, o 30 de novembro, indica o Sr. Mouriño que el lle preguntou preguntas moi seiras, e cre, o Sr. Mouriño que o o Sr. Alcalde tivo tempo para preparalas e a día de hoxe ainda non tivo contestación algunha.

Pregunta o Sr. Mouriño ao Sr. Alcalde:

- Considera normal non ter aprobado o PXOM dende o 2019
- Considera normal non ter inventario de camiños municipais dende o ano 2019
- Para que está o Sr. Alcalde no Concello
- Está aburrido, triste, non sabe onde está.

Manifesta o Sr. Mouriño que el quere que o seu Alcalde apareza en todos os sitios, no Ideal Gallego, na Voz de Galicia, no Correo Gallego, na Opinión, en todas as redes sociais que apareza o Concello de Carral e que apareza o Alcalde de Carral, aínda que sexa con erros, indica o Sr. Fernández que el o apoiará sempre.

Manifesta o Sr. Mouriño que el apoiará sempre ao Sr. Alcalde, incluso aínda que o insulte, xa que fai un anaco preocupouse, a voceira socialista por un señor que lle chamaron "non sabe como nun pleno en Oleiros", continua o Sr. Fernández indicando que cando a el mesmo o insultaron, pregunta o Sr. Fernández Mouriño se houbo alguén do equipo de goberno que se atrevera a dicirlle "José Luis eu penso que o noso xefe, creo que se pasou, vou falar con el e que che pida desculpas..", ata hoxe, indica o Sr. Fernández, ata hoxe.

Continua insistindo o Sr. Mouriño que o Sr. Alcalde debe tomar o Concello en serio, reitera o Sr. Fernandez o seu ofrecemento a acompañar ao Sr. Alcalde, agora que están en eleccións, comenta o Sr. Mouriño que el non sabe se agora poden tomar decisións ou non os concelleiros pero reitera a súa enteira disposición igual que o está dende o 15 de xuño de 2019, para que o chame para o que o Sr. Alcalde considere oportuno. Indica o Sr. Fernández que el prioriza aos veciños de Carral non o estar no sillón.

Manifesta o Sr. Mouriño que dende o ano 1991 nunca viu a imaxe do pleno anterior, meter a un funcionario nun salón de plenos, nunca viu que se coaccionara a un funcionario.

CVD: tvR8X4mauIDPdQNBh2oi
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

Indica o Sr. Mouriño que o Concello de Carral necesita que todos os concelleiros/as remen para o mesmo lado, o Sr. Mouriño manifèstalle ao Sr. Alcalde que el non é inimigo do Sr. Alcalde, que en todo caso é un rival pero, non un inimigo. Indica o Sr. Mouriño que espera que no próximo pleno o Sr. Alcalde lle conteste a todas as preguntas do pleno de novembro, se non é así volverá a reiterar as preguntas.

Ironiza o Sr. Alcalde dicíndolle ao Sr. Fernández que fixo un discurso que os deixou abraiados. Leva sen funcionar a depuradora dende o ano 2010, indica o Sr. Alcalde, e o Sr. Mouriño achacalle a el porque non hai unha depuradora en funcionamento. Pregunta o Sr. Alcalde ao Sr. Fernández Mouriño cantos anos estivo el como Alcalde para poder montar unha depuradora.

Intervén a Sra. Concelleira de Servizos sociais para dicir que é unha mentira que coaccionaran a unha funcionaria, indica a Sra. Mantiñán que a funcionaria foi ao pleno libremente xa que se lle pediu que explicara as cuestións técnicas.

Continua dicindo a Sra. Mantiñán que todo o currículo do Sr. Mouriño será moi bo se o Sr. Mouriño acompaña á Sra. Mantián á Xunta de Galicia a conseguir o centro de día e sería a guinda perfecta a todo o pastel que deixou en Carral o Sr. Mouriño.

Continua falando a Sra. Mantiñán dicindo que o Sr. Mouriño deixou no concello de Carral en urbanismo moitos mamotretos que non valen nin para ver, economía, deixou o Concello arruinado, sanidade, deixou un centro de saude sin pasar á Xunta, que o Concello ten que asumir gastos que non lle pertencen. Con respecto a Deportes, grazas ao Sr. Revilla e ao Sr. Vales que fixeron algo polos deportes xa que, sinala a Sra. Mantiñán, o Sr. Mouriño non fixo nada, nin tan sequera unha pista polideportiva....ese, indica a Sra. Inmaculada é o currículo que o Sr. Mouriño deixou dende non sabe cantos anos.

Manifesta a Sra. Inmaculada que o equipo de goberno leva 4 anos , é un partido pequeno, están pelexando pero, indica a Sra. Mantiñán que cando se teñan que ir o farán coa cabeza alta. Indica a Sra. Mantiñán que ela ten o seu almanaque de traballo alí e que está á disposición do Sr. Mouriño para cando el queira ir con ela á Xunta.

O Sr. Mouriño nega coa cabeza.

CVD: tvR8X4mauIDPdQNBh2oi
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Por alusións o Sr. Mouriño manifesta que el dixo que coaccionaron a unha funcionaria porque el cree que se lle pediran a un funcionario que veña a un pleno o funcionario non ven. En segundo lugar, dí o Sr. Mouriño que as pistas polivalentes, as pistas deportivas, os centros de ocio, o instituto, todo o que hai en Carral, vese, non aparecen moitas placas de José Luis Fernández Mouriño, indica o Sr. Fernández, aparecen anos, insiste o Sr. Mouriño, a Galiña Azul, o Centro da Xuventude, o Toñito Espiñera, e eses anos coincide que foi a etapa na que o grupo de goberno era o PP e, indica o Sr. Mouriño, que foi unha pena que non seguiran no equipo de goberno xa que o PXOM xa estaría aprobado, o Polígono dos Capelos estaría recalificado e teríamos un centro de día e non un centro de debuxos animados, sinala o Sr. Mouriño.

Indica o Sr. Mouriño que lle parece unha vergoña cederlle a unha familia, el non o considera unha asociación, o centro Víctor Velasco, un sitio ideal para un centro de día, sinala o Sr. Mouriño, para o que había 150.000 € destinados a facer as infraestructuras e o equipo de goberno actual renuncia a eses 150000 e e dalle o centro a unha familia para que fagan negocio e a Xunta de Galicia, sinala o Sr. Mouriño, dalles a esa familia 100.000 €.

Manifesta o Sr. Mouriño que está á disposición da concelleira, e do Sr. Alcalde, xa que el opina que é o Sr. Alcalde o que ten que ir a esas reunións para acompañalos a onde queiran. O Sr. Alcalde que solicite unha reunión con calquera concelleiro e o Sr. Mouriño acompañará ao Sr. Alcalde.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Alcalde levanta a sesión, sendo as 20 horas e 59 minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coa sinatura do Alcalde Presidente e da Secretaria, que dá fe.

Secretaría Xeral, REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Vº Prace

Alcalde , FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE

CVD: tvR8X4mauIDPdQNBh2oi
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)